

Unha pantasma

Unha moza soñou unha noite que camiñaba por un estraño sendeiro campesiño. O sendeiro ascendía por un outeiro boscoso e levaba ata unha fermosa casiña branca, rodeada dun xardín. A rapaza petaba na porta e abríalle un home moi, moi ancián, cunha longa barba branca. No momento en que ela empezaba a falarlle, espertou. Despois volveu a ter o mesmo soño en tres noites sucesivas. E sempre espertaba no intre en que ía a comezar a súa conversa co ancián.

Poucas semanas máis tarde, a moza dirixíase en taxi a unha festa. De súpeto, viu pola xanela, á dereita da estrada, o camiño do seu soño. Sorprendida, pediulle ao taxista que parase o automóbil, e botouse a andar polo sendeiro, co corazón latexando a toda velocidade.

Xa non se sentiu sorprendida cando o carreiro subiu enroscándose ata o cume do outeiro e deixouna ante a fermosa casa. Chamou polo ancián:

—Dígame, véndese esta casa?

—Si —respondeu o home—, pero non lle aconsello que a compre. Unha pantasma, miña filla, frecuenta esta casa!

—Unha pantasma —repetiu a rapaza—. Recoiro!, e quen é?

—Vostede —dixo o ancián, e cerrou suavemente a porta.

http://www.auladeletras.net/material/comprehension_casa.htm

1. Escribe nas casas V (verdadero) ou F (falso), segundo corresponda:

- Unha rapaza soñou que petaba na porta dunha fermosa casa.
- A casa estaba na ladeira dunha montaña.
- No seu soño, un taxista levábaa por un sendeiro ata a casa.
- Ao chegar á casa, abríalle a porta un ancián.
- O soño repetiuse varias veces.

2. En que momento do seu soño espertaba a rapaza?

3. Por que lle pide ao taxista que pare o coche?

4. Desde que a rapaza baixa do taxi, todo é coma no seu soño, excepto... Marca a resposta:

Camiña por un sendeiro.

Chega a unha casa no alto do outeiro.

Ascende por un outeiro boscoso.

Fala cun ancián de barba branca.

5. Quen era o habitante da casa e que características físicas tiña?

6. Cando por fin consegue falar co ancián, que é o que lle pregunta a moza?

7. Que lle responde o ancián?

8. Conta algún soño que tiveses.